



Victoriano García Martí: o rescate dun pensador europeísta e avanzado

FICHA TÉCNICA: 306 pp . 13x20,5 cms

ISBN 978-84-16460-52-6

Capa dura e ilustrado. PVP: 22,00 €

SANTIAGO DE COMPOSTELA, DECEMBRO 2018-XANEIRO, 2019.- Pensador europeísta e avanzado (o feminismo atravesada toda a súa obra), herdeiro dos fitos do Rexurdimento galego, Victoriano García Martí (A Pobra do Caramiñal, 1881-Santiago de Compostela, 1966) é unha figura lamentablemente esquecida pola historia da literatura e do pensamento. Amigo persoal de Valle-Inclán, voz reivindicativa do legado de Rosalía de Castro (en 1944 publica a primeira edición das súas Obras Completas), foi tamén un pioneiro na defensa do turismo como fonte de riqueza cultural.

A reivindicación da identidade e a modernización de Galicia (cuxa mellora só chegará a través de “la cultura



y la economía”) é unha constante na súa carreira; do mesmo xeito que a súa visión de Santiago de Compostela como cidade literaria.

O presente volume reúne baixo o título *Por los caminos del siglo XX*, e por vez primeira en libro, sesenta artigos escritos por García Martí entre 1914 e 1963. Un período onde a Guerra Civil e a posterior ditadura marcarían fundamente a vida e a obra do autor.

O coidado da edición e o estudo introdutorio corren a cargo de Arantxa Fuentes Ríos, doutora europea en Teoría da Literatura e Literatura Comparada pola Universidade de Santiago de Compostela.

Para contactar con Arantxa Fuentes Ríos: arantxa.fuentes@usc.es



Alvarellos Editora SL CIF B-70183082. Rúa de Sempre en Galiza, 4 (plaza interior)

15706 Santiago de Compostela. Tel 981 522 137 - 609 90 88 52 - prensa@alvarellos.info - www.alvarellos.info